



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Socioloxía da educación		Código	652G03028
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Profesorado	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Con esta asignatura o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización co papel e función da educación nas nosas sociedades. Trátase dunha formación que non persigue o curto prazo senón que os coñecementos acadados se integren tanto a nivel persoal como profesional a máis longo prazo.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecemento dos compoñentes básicos das desigualdades sociais e as diferencias culturais, que se producen polo feito educativo	A1	B1	C4
	A2	B2	C5
	A5	B3	C6
	A15	B4	C7
	A16	B5	C8
	A17	B6	
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
Capacidade en elaborar, utilizar e interpretar indicadores sociais e instrumentos de medición social aplicados á educación	A1	B1	C1
	A5	B2	C2
	A9	B3	C3
	A10	B4	C7
	A11	B5	C8
	A13	B6	
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A20		
	A21		



Habilidades no desenvolvemento das organizacións (asesoramento, deseño e xestión de organizacións e institucións) escolares	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	
	A7		
	A8		
	A9		
	A10		
	A11		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A21		
Capacidades en recoñecer a diversidade de estudantes e a complexidade do proceso de aprendizaxe e ensino	A1	B1	C1
	A2	B2	C3
	A4	B3	C6
	A5	B4	
	A6	B5	
	A7	B6	
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A21		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Socioloxía da educación	1.1. Definición e teorías da educación: O desenvolvemento da Socioloxía da educación e seus dilemas na actualidade. 1.2. Funcións da educación: Funcións sociais e políticas da educación. Problemas para a súa consecución. 1.3. Educación e sociedade: a educación como fenómeno social. Impacto das condicións sociais sobre os aspectos biolóxicos.



Tema 2. Procesos de organización escolar	2.1. Significado e definición do ensino e a aprendizaxe: a análise dos procesos de aprendizaxe na súa dimensión social. 2.2. Socialización e escola: o proceso de socialización. Institución escolar e socialización. Socioloxía da escola. 2.3. Centros escolares como institucións sociais do coñecemento. Significado social do aula e da relación educativa. 2.4. Profesorado e alumnado: A relación pedagóxica alumno/profesor e a autoridade pedagóxica no discurso educativo actual.
Tema 3. Educación e desigualdade	3.1. Desigualdade invisible: Desigualdades sociais que inflúen en que a escola non troque. Razóns e porqueres. 3.2. Grupos desiguais: Factores que inciden no fracaso escolar, e a súa influencia na sociedade actual 3.3. Exclusión social e educación ¿como buscar os factores para corrixir o modelo educativo actual e reducir a exclusión?
Tema 4. Reformas educativas e políticas públicas	4.1. Sistemas de ensino: obxectivos educativos das reformas educativas. 4.2. Reformas educativas: Contrarreforma, LOGSE, ESO. Discusión das propostas e reforma educativas. 4.3. Políticas públicas: Limites e dificultades externas ó propio sistema educativo. Reforma da Formación profesional. Novo modelo de acceso á universidade. 4.4. Avaliación da calidade da educación. 4.5. Educación para a cidadanía: dereitos e deberes cidadáns. Relacións humanas, convivencia e participación escolar.
Tema 5. Sistema educativo e capital humano	5.1. Análise do sistema educativo español: o sistema de ensino como construción histórica e social. 5.2. Educación e capital humano: o sistema educativo e formativo. 5.3. Cambio e desigualdade da Universidade actual: o avance da muller. 5.4. Transición e mercado laboral. Educación e mercado laboral ¿están relacionados?
Tema 6. Internacionalización da educación	6.1. Comparacións dos sistemas educativos de educación superior. 6.2. Paradigmas e políticas da ciencia.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	18	24
Traballos tutelados	3	27	30
Proba obxectiva	3	18	21
Recensión bibliográfica	4	16	20
Análise de fontes documentais	3	12	15
Discusión dirixida	7	28	35
Atención personalizada	5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Actividades teóricas e prácticas presenciais: Clases directas e exercicios na aula co obxectivo de que o/a alumno/a adquira as competencias de Tipo A (relativas á comprensión dos contidos temáticos da asignatura), tendo en conta que deberán establecerse as ferramentas analíticas necesarias, en función das novas tecnoloxías da información e a comunicación; e ademais, as habilidades axeitadas ás competencias Tipo B.



Traballos tutelados	Actividades non presenciais: Traballo persoal co obxectivo do uso por parte do alumnado das competencias Tipo A (coñecementos) e as do Tipo B, mediante a realización de comentarios críticos, pequenos traballos de revisión/investigación e análises dos temas de educación de maior actualidade e situacións ou realidades sociais relativas á exclusión social en educación. De igual xeito, a participación en grupos de discusión e entrevistas con fins de recoller información, así como o uso das TIC.
Proba obxectiva	O alumnado deberá preparar os temas acordados para a proba obxectiva que terá que realizar nas datas oficialmente establecidas
Recensión bibliográfica	O alumnado deberá presentar individualmente e por escrito unha recensión e análise de lecturas seleccionadas dos textos indicados polo profesor da asignatura. Poderán ser citados para revisar o contido destas recensións.
Análise de fontes documentais	Utilízase para a análise duns determinados temas relativos á situación do noso país, e consistirá no uso de fontes documentais e estatísticas ó uso para o recoñecemento dos temas educativos, así como dos posibles modelos e aplicacións para a captura de información e diagnóstico do problema educativo, as diferencias según comunidades autónomas e as reformas educativas.
Discusión dirixida	Trátase de agudizar o razoamento crítico nas materias de educación e o seu significado sociolóxico no proceso de cambio social existente na actualidade.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica Análise de fontes documentais Proba obxectiva Discusión dirixida Sesión maxistral Traballos tutelados	A sesión maxistral é a explicación por parte do profesor dos contidos da materia no aula. Ocasionalmente se apoiará en soporte visual. As clases son para entender os conceptos e as teorías e plantexar posibles dúbidas sobre os mesmos. Para realizar a proba obxectiva o alumnado deberá realizar as lecturas elixidas para ese fin sinaladas na asignatura. Realizarase un resumen do traballo de análise de fontes documentais, que se plantearán nos seminarios e grupos de traballo. Nos traballos titelados, así como nas recensións bibliográficas, o alumnado presentará o proxecto ó profesor, que o aceptará ou fará as consideracións que estime pertinentes. Durante a execución do traballo, o profesor ofrecerá titorías para apoio do traballo. Unha vez finalizados e correxidos, tratarase co alumnado sobre seu contido para determinar os resultados e valoralos. Tamén terase moi en conta a asistencia e participación do alumnado nas diferentes actividades, formando parte da avaliación final.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	O valor dunha síntese documentada é básico para o recoñecemento de problemas e seus posibles solucións na relación con toda a sociedade, ademais de constituir unha boa reflexión persoalizada, finalidade á que debe levar esta metodoloxía.	5
Análise de fontes documentais	O traballo de búsqueda das distintas realidades sociais no marco da socioloxía da educación é de suma importancia para un bo manello, adaptación e aplicación no feito sociolóxico educativo, adaptado e aplicado para este cometido.	5
Proba obxectiva	O sistema e obxectivos de avaliación desta asignatura ten que ter en conta, tanto os coñecementos e habilidades, como a capacidade de resolver dilemas educativos diversos. Por elo, deberá valorarse mediante preguntas directas escritas dos temas do programa da asignatura. Xunto coas sesións maxistrais, as lecturas recomendadas e a revisión bibliográfica, esta parte marca o contido teórico da asignatura, que supón o 40% do peso da mesma	25



Discusión dirixida	Trátase de agudizar o razoamento crítico nesta materia e utilizar as categorías de análise plantexadas en cada sesión dedicada ós temas de discusión. Esta parte de asignatura intentará medir ou avaliar a participación, implicación e interese do alumno. O que, xunto coa asistencia correspondente, vería a supoñer aproximadamente un 20% da avaliación final.	20
Sesión maxistral	O sistema de avaliación desta asignatura ten como obxectivo valorar tanto os coñecementos e habilidades adquiridos durante o curso, así como o esforzo, a adicación e o traballo persoal continuado de cada estudante.	5
Traballos tutelados	Trátase de avaliar e considerar tanto os coñecementos e habilidades adquiridos durante o curso, como o esforzo, a adicación e o traballo persoal continuado de cada estudante.	40

Observacións avaliación

En definitiva, estamos a falar dun 40% da avaliación da asignatura por medio do traballo desenvolto polo alumnado, outro 40% pola avaliación do seus coñecementos e/ou contidos teóricos e, aproximadamente, outro 20% en base a asistencia, participación, implicación e interese do alumnado.

Este sistema de avaliación se establece como fórmula para unha avaliación continua e presencial, que so pode darse nas convocatorias ordinarias da asignatura.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002
Animación e xestión sociocultural/652G03017
Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001
Pedagogía social/652G03006
Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario

Historia da educación/652G03011
Educación multicultural/652G03013
Antropoloxía da educación/652G03029

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías